



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría  
Rúa Maestranza, s/n  
15071 A Coruña  
Tel.: 981 167 000  
Fax: 981 167 012 Ext.: 1068

Resolución do 5 de agosto de 2020 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Teoría do Sinal e Comunicacions a Carlos José Escudero Cascón.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 8 de xuño de 2020 (BOE do 12 de xuño de 2020), para a provisión da praza número 20/016 de Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Teoría do Sinal e Comunicacions, departamento de Enxeñaría de Computadores desta universidade, a favor de Carlos José Escudero Cascón, con DNI núm. \*\*\*1083\*\* e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Carlos José Escudero Cascón, Catedrático de Universidade da área de coñecemento de Teoría do Sinal e Comunicacions, departamento de Enxeñaría de Computadores desta Universidade.

Este nomeamento, surtirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", para estes efectos o mes de agosto será inhábil.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 5 de agosto de 2020

O Reitor,

Julio E. Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Z/UzNNTyw+Gkyyh/xQ23TA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	05/08/2020 09:16:34
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/Z/UzNNTyw+Gkyyh/xQ23TA==">https://sede.udc.gal/services/validation/Z/UzNNTyw+Gkyyh/xQ23TA==</a>		

